



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO AUTONÓMICO AUGA DOCE XUVENTUDE 2019

ESCENARIO: Encoro de San Martiño (A Rúa - Ourense)

DATA: sábado 24 de agosto

CONCENTRACIÓN: No escenario ás 10,00 horas.

Normas xerais.- Este Campionato desenvolverase con acordo ó Regulamento de Competicións da Federación Española de Pesca e conforme ás normas vixentes en materia de pesca que rexen na Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa particular.- O escenario estará dividido en sectores, os cales estarán constituídos por postos de 10 metros aproximadamente, que serán adxudicados ós participantes mediante sorteo. A competición constará de 1 manga de 2 horas e media de duración.

PROGRAMA

- 10,00** – Reunión dos participantes.
- 10,20** – Sorteo de postos.
- 10,30** – Entrada ós postos, colocación do material e proba de calados.
- 11,25** – Sinal de cebado intensivo.
- 11,30** – Sinal de inicio da acción de pesca.
- 13,55** - Sinal de que faltan 5 minutos.
- 14,00** - Sinal de fin da manga.

Unha vez rematada a acción de pesca, o deportista, fixese ou non capturas, permanecerá no seu posto de pesca sen manipular as capturas agardando a que os membros da organización realicen a pesaxe. As capturas voltarán ó redello unha vez pesadas e este será introducido na auga. A continuación o deportista actuará como testemuña na pesaxe do seguinte participante. Ó remate da pesaxe do sector, os membros da organización darán a orde de devolver os peixes que corresponda á auga.

Avituallamentos para participantes e acompañantes, proclamación de resultados, entrega de premios e fin da competición.

MATERIAL. – Unha cana en acción de pesca con ou sen carrete, podendo ter montadas ou non as que precise (en reserva). A lonxitude máxima da cana será de 13 metros.

ENGODO. – Inspeccionarase o seu volume. Permítese un máximo de 17 litros de engodo listo para empregarse (mollado e cribado) sen compactar nin dar forma en bolas. Tamén se permiten 2 litros de asticot por manga, podendo empregarse este último para cebar as augas.

CAPTURAS. – As percasoles haberá que gardalas en seco e tamén serán contabilizadas na pesada total de capturas. Para a pesada deberán estar completamente limpas de terra, area ou calquera outro tipo de suciedade.

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo.

Tódolos participantes deberán formalizar a súa inscrición e confirmar a súa participación, antes do **mércores 21 de Agosto de 2019 ás 24:00 horas, ao correo ourensedelegacion@fgpesca.org** Os deportistas con dereito a participación son nenas e nenos, mozas e mozos cuxa idade non sexa inferior aos 12 nin superior aos 18 anos.

Para participar cómpre ter licenza de pesca e tarxeta federativa en vigor.

Estas bases poderán ser adaptadas ou modificadas antes do inicio da competición por motivos de seguridade, igualdade ou calquera outro motivo que a organización entenda positivo para os deportistas, para o éxito da proba ou para o seu óptimo desenvolvemento.

Para calquera incidencia non prevista nestas bases será de aplicación o Regulamento de Competición da FEPYC.

Asdo. Pedro Bolaño Pérez
Pte. Comité de Auga Doce